

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 24 DE NOVEMBRO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se nomea secretario xeral da Emigración a Antonio Rodríguez Miranda.
- Decreto polo que se nomea directora da Axencia de Turismo de Galicia a Nava Castro Domínguez.
- Decreto polo que se nomea secretaria xeral da Igualdade a Susana López Abella.
- Decreto polo que se nomea directora xeral de Administración Local a Marta Fernández- Tapias Núñez.
- Decreto polo que se dispón o cesamento de Justo de Benito Basanta como secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.
- Decreto polo que se nomea secretaria xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a María Cruz Ferreira Costa.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun muro situado na marxe esquerda da AC-162 arredor do p.q. 0 + 600, a prol do Concello de Sada.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Dirección e Producción e Xestión, e se amplían os anexos do plan de estudos correspondente á especialidade de Interpretación, establecidos no Decreto 163/2015, do 29 de outubro, mediante a incorporación de novos itinerarios.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autorizan as instalacións, se aproba o proxecto de execución e se declara a utilidade pública, en concreto, así como a compatibilidade con diversos dereitos mineiros do parque eólico A Pastoriza situado nos concellos de Mondoñedo, A Pastoriza e Riotorto (Lugo) e promovido pola sociedade Norvento, S.L. (LU-11/123-EOL).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación San Xerome Emiliani para posibilitar o uso do servizo de comedor do alumnado discapacitado no Centro de Educación Especial San Xerome Emiliani, radicado na Guarda, provincia de Pontevedra, polo importe máximo de cinco mil setecentos euros (5.700,00€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Diagrama Intervención Psicosocial, para levar a cabo a atención residencial, a intervención educativa e terapéutica con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores no centro de atención específica Montefiz. Importe total: un millón seiscientos corenta e un mil cincocentos dez euros (1.641.510,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación Arela, para levar a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións en medio aberto previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. Importe total: trescentos trinta e un mil cento sesenta e seis euros con sete céntimos (331.166,07 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación Dignidad Lugo, para levar a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións en medio aberto

previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. Importe total: douscentos sesenta e tres mil novecentos vinte e un euros con catro céntimos (263.921,04€).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación Centro Trama, para levar a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións en medio aberto previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. Importe total: douscentos cincuenta e cinco mil setecentos catorce euros con vinte e oito céntimos (255.714,28 €).

MOCIÓNS E PROPOSTAS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Declaración institucional da Xunta de Galicia con motivo do Día internacional para a eliminación da violencia de xénero.

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas integrados de emprego.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe do Programa Leader en Galicia 2014-2020.
- Informe sobre o anticipo da política agraria común (PAC) en Galicia.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre as inversións realizadas por Portos de Galicia no período 2009-2016.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A ANTONIO RODRÍGUEZ MIRANDA SECRETARIO XERAL DA EMIGRACIÓN

- *Antonio Rodríguez Miranda é licenciado en Ciencias Biolóxicas pola Universidade de Santiago de Compostela, técnico superior en Prevención de Riscos Laborais e profesor e director de Formación*
- *Foi deputado no Parlamento de Galicia na VII , VIII e IX lexislaturas e voceiro de Presidencia e Administración Pública do Grupo Parlamentario Popular*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a Antonio Rodríguez Miranda como secretario xeral da Emigración.

Antonio Rodríguez Miranda é licenciado en Ciencias Biolóxicas, especialidade de Zooloxía, pola Universidade de Santiago de Compostela, técnico superior en Prevención de Riscos Laborais, especialidade en Seguridade e Hixiene Laboral, e profesor e director de Formación.

Foi deputado no Parlamento de Galicia na VII , VIII e IX lexislaturas e voceiro de Presidencia e Administración Pública do Grupo Parlamentario Popular.

Membro de diferentes comisións na Cámara autonómica galega, foi voceiro na Comisión 1ª Institucional de Administración Xeral, Xustiza e Interior na VII e VIII lexislaturas e membro na IX. Dentro do seu traballo no Parlamento, foi relator de leis como a de Modificación da Función Pública de Galicia, da Lei ómnibus e da Lofaxga de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ DIRECTORA DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA

- *Nava Castro é licenciada en Filoloxía Hispánica pola Universidade Complutense de Madrid, conta con diversos máster en materia de Turismo, Dirección de Empresas e Servizos Sociais*
- *Foi deputada no Parlamento de Galicia, no Congreso dos Deputados, alcaldesa de Ponteareas e directora xeral de Comercio*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou o decreto polo que se nomea a Nava Castro Domínguez como directora da Axencia de Turismo de Galicia.

Nava Castro é licenciada en Filoloxía Hispánica pola Universidade Complutense de Madrid, conta con diversos máster en Planificación e Xestión de Destinos e Novos Produtos Turísticos, en Axentes de Desenvolvemento Económico e Xestión de Programas, en Xestión e Dirección de Pemes e en Intervención e Xestión de Servizos Sociais.

Foi deputada no Parlamento de Galicia, responsable do Centro Europeo de Información e Animación (Carrefour de Galicia), concelleira do Concello de Ponteareas e alcaldesa do mesmo concello.

Castro Domínguez foi deputada no Congreso dos Deputados. En maio de 2009 foi nomeada directora xeral de Comercio, posto que ocupou ata a setembro de 2012.

En xaneiro de 2013 foi nomeada directora da Axencia de Turismo de Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A SUSANA LÓPEZ ABELLA SECRETARIA XERAL DA IGUALDADE

- *Susana López Abella cursou estudos de Ciencias Empresariais na Facultade de Empresariais de Vigo e estivo colexiada en Xornalismo polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia*
- *Foi deputada desde a VI Lexislatura no Parlamento galego e en 2009 foi nomeada secretaria xeral da Igualdade*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a Susana López Abella como secretaria xeral da Igualdade.

Susana López Abella naceu en Chantada (Lugo) en 1967, cursou estudos de Ciencias Empresariais na Facultade de Empresariais de Vigo e estivo colexiada en Xornalismo polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.

Foi deputada desde a VI Lexislatura no Parlamento galego.

Desde 2009 ata 2011 foi secretaria xeral de Familia e Benestar.

En 2011 foi nomeada secretaria xeral da Igualdade, cargo que ocupou ata a pasada convocatoria de eleccións, onde volveu a resultar elixida deputada pola provincia de Lugo.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A MARTA FERNÁNDEZ- TAPIAS NÚÑEZ DIRECTORA XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

- *Marta Fernández- Tapias Núñez é licenciada en Dereito pola Universidade Complutense de Madrid e especialista en dereito mercantil, societario e administrativo*

Marta Fernández- Tapias Núñez naceu en Vigo en 1974. É avogada en exercicio e está especializada no ámbito do dereito mercantil, societario e administrativo.

Licenciouse en Dereito pola Universidade Complutense de Madrid. Conta co Curso Superior de Protocolo da Cámara de Comercio de Madrid.

Estivo na Escola de Práctica Xurídica Concepción Arenal do Ilustre Colexio de Avogados de Vigo.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOMEAMENTO DE MARÍA CRUZ FERREIRA COSTA COMO SECRETARIA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL

- *Cesa no seu cargo Justo de Benito Basanta, quen ocupaba este posto ata o momento*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de María Cruz Ferreira Costa como secretaria xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Substituirá a Justo de Benito Basanta, que ocupaba o cargo desde 2009 ata este momento, e cuxo cesamento tamén foi aprobado hoxe.

Ferreira Costa é natural de Santa Comba. Licenciouse en Dereito, conta cun máster en dereito europeo e outro en relacións internacionais e política internacional. É experta na dirección e coordinación de proxectos europeos e internacionais, materia na que se especializou prestando os seus servizos en diversos cargos da Comisión Europea e da ONU.

Actualmente desempeñaba o cargo de directora xerente da Axencia Local de Enerxía e Cambio Climático do Concello de Murcia, creada como axencia executiva da Comisión Europea.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA DUNS MUROS DA ESTRADA SADA-BERGONDO (AC-162) AO CONCELLO DE SADA

- *O Goberno galego executou tres muros para o sostemento dun noiro situado na travesía de Sada, onde se producira un desprendemento por mor das intensas chuvias, e rehabilitou o firme da vía anexa mediante a achega de 180.000 euros*
- *O contrato de obras foi recibido polo Concello de Sada o 23 de febreiro de 2015*
- *O cambio de titularidade será efectivo a partir de mañá e a entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes*
- *Corresponderanlle ao Concello de Sada, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía*

O Consello da Xunta aproba o decreto para o cambio de titularidade dun muro situado na marxe esquerda da AC-162, arredor do p.q. 0+600, a prol do Concello de Sada.

En marzo de 2014 asinouse un convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Sada cuxo obxecto foi a estabilización dun noiro situado na travesía de Sada, no p.q. 0+600 da estrada AC-162, que comunica Sada e Bergondo. No noiro producírase un desprendemento como consecuencia das intensas choivas e pola rotura dunha tubaxe municipal de abastecemento de auga existente baixo a beirarrúa.

Coa sinatura do convenio, a Administración autonómica comprometéase a acometer as estruturas necesarias para a mellora da estabilidade do noiro, mentres que o Concello de Sada asumía o compromiso de asumir a titularidade dos muros realizados unha vez que as obras fosen recibidas.

A Xunta realizou un investimento de máis de 180.000 euros para a execución das obras, que se iniciaron en agosto de 2014 e consistiron na construción de tres muros de coeira para o sostemento do noiro e a reposición do firme da vía anexa nunha lonxitude aproximada de 40 metros. O contrato de obras foi recibido polo Concello de Sada o 23 de febreiro de 2015.

En consecuencia, unha vez recibida a obra, a Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo co informe emitido polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade do muro situado na marxe esquerda da AC-162 arredor do p.q 0+600, a prol do Concello de Sada.


A teor do previsto no artigo 9.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos delas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por

proposta da consellaría competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.

Por outra parte, a citada Lei de estradas dispón no artigo 9.7 que os cambios de titularidade poderán abranguer estradas, treitos delas, elementos funcionais e/ou espazos da zona de dominio público adxacente.

O cambio de titularidade será efectivo a partir de mañá e a entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes mediante a sinatura da correspondente acta.

Corresponderanlle ao Concello de Sada, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular das estradas.



A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN ESTABLECE OS CURRÍCULOS DAS ENSEÑANZAS SUPERIORES DE MÚSICA NAS ESPECIALIDADES DE DIRECCIÓN E DE PRODUCCIÓN E XESTIÓN

▪ *Ademais, amplía o currículo da especialidade de Interpretación*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao Decreto polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Dirección e Produción e Xestión, e se amplían os anexos do plan de estudos correspondente á especialidade de Interpretación. Deste xeito, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dá resposta ás demandas dos conservatorios superiores, que solicitaron a regulación destes estudos tras a publicación do Decreto 163/2015, do 29 de outubro, polo cal se establecían os das especialidades de Composición, Interpretación, Musicoloxía e Pedagogía.

O obxectivo é establecer os plans de estudos, adaptados ás particularidades dos centros que os imparten, que aproveiten de forma eficaz os seus recursos en función da súa tradición pedagóxica e do seu contorno sociocultural, con criterios de rigor, calidade e excelencia. Cómpre salientar que na súa disposición adicional sexta o decreto recolle o fomento do coñecemento e práctica do repertorio da música galega.

No caso do currículo da especialidade de Dirección, o decreto establece que estes titulados superiores estarán cualificados para dirixir coros, orquestras e outros grupos instrumentais ou mixtos, para o que terán coñecemento dun amplo repertorio de diferentes estilos, linguaxes, períodos e tendencias. Entre as habilidades que manexarán estarán a lectura musical, o recoñecemento auditivo, ou a redución de partituras, e deberán posuír tamén cualidades de liderado e comunicación. Así mesmo, deberán ter coñecemento amplo das posibilidades que brinda a tecnoloxía, así como da tradición interpretativa dos distintos xéneros musicais.

Os que obteñan o título superior na especialidade de Produción e Xestión estarán cualificados na planificación e xestión de proxectos relacionados coa música nas fases de creación, realización, gravación, exhibición pública ou distribución, entre outras. Ademais, deberán coñecer os distintos ámbitos de desenvolvemento profesional do mundo da música, así como estaren capacitados para se desenvolver nos distintos campos de acción, como a economía, a comunicación, a organización humana e de recursos materiais, a xestión loxística e a planificación.

Por outra banda, os titulados superiores na modalidade de Interpretación deberán dominar as técnicas do seu instrumento, as súas características e o seu desenvolvemento histórico. Así mesmo, deberán estar preparados para exercer un

labor interpretativo de alto nivel, tanto no papel de solista como formando parte dun conxunto, así como, de ser o caso, como acompañante música e de danza.

A XUNTA AUTORIZA UN NOVO PARQUE DO CONCURSO EÓLICO NOS MUNICIPIOS LUCENSES DE MONDOÑEDO, A PASTORIZA E RIORTORTO

- *A instalación do parque suporá un investimento de máis de 45 millóns de euros*
- *Contará con 11 aeroxeradores cunha potencia total de 33 MW e unha capacidade aproximada de produción anual de enerxía de máis de 123.000 MWh*
- *Con esta autorización, o concurso eólico suma 23 parques e máis de 560 MW autorizados, cun investimento total de 717 millóns de euros*

A Xunta autorizou o parque eólico A Pastoriza, que estará localizado na provincia de Lugo, en concreto, nos concellos de Mondoñedo, A Pastoriza e Riotorto. Trátase dunha nova instalación, enmarcada no concurso eólico galego, que suporá un investimento de máis de 45 millóns de euros e que contará cunha potencia total de 33 MW a través da instalación de 11 aeroxeradores.

Con este novo parque, que alcanzará unha produción aproximada de enerxía anual arredor de 123.000 MWh, o Goberno autonómico suma 23 parques do concurso aprobados, tras as autorizacións dos eólicos de Acibal, Mondigo, Faro, Cernego, Pico Seco, Friol, Paraño Oeste, Xinzo Norte, Chan do Eixo, Oourol, Tenzas do Aire, a primeira fase de Monte Arca, Cordal-Ousá, Orrea, Alto da Telleira, Campo Pequeno, Carracedo, Coto de Frades, Olerón, Neda, Figueiras e Serra do Faro, acadando un total de 564,5 MW e un investimento de máis de 717 millóns de euros.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria segue a apoiar un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica centrado na recuperación do liderado do sector, así como na creación de emprego e riqueza para a sociedade. Dentro deste contexto, cabe sinalar que os plans industriais asociados ao concurso eólico galego están a xerar xa máis de 1.000 millóns de investimento na comunidade, ao que se suma a creación de máis de 2.000 empregos directos.

Así mesmo, o Goberno galego ten en conta as administracións locais, de xeito que por medio do canon eólico recadáronse xa 160 millóns de euros destinados aos municipios. Neste contexto, o novo proxecto autorizado polo Consello da Xunta, e promovido por Norvento, S.L., suporá unha fonte de financiamento importante para os concellos lucenses de Mondoñedo, A Pastoriza e Riotorto, que se poderán beneficiar da recadación obtida do devandito canon.

EDUCACIÓN COLABORA COA ASOCIACIÓN SAN XEROME EMILIANI PARA DAR SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR AO ALUMNADO CON DISCAPACIDADES

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación San Xerome Emiliani van colaborar para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar por parte do alumnado con discapacidade do Centro de Educación Especial que esta entidade xestiona na Guarda (Pontevedra).

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio entre a Consellería e esta Asociación sen ánimo de lucro, ao abeiro do cal o departamento autonómico de Educación financiará con ata 5.700 euros o servizo de comedor de 19 alumnos do CCE San Xerome Emiliani durante o curso 2016/17. Pola súa parte, esta Asociación asumirá a atención e coidado dos alumnos durante o período comprendido entre o seu traslado ao comedor tras as clases matinais e o novo traslado ás aulas para as clases vespertinas, ou, se é o caso, a súa recollida para seren trasladados ao domicilio familiar.

Cómpre lembrar que o obxectivo deste acordo é posibilitar o uso do comedor escolar do alumnado discapacitado que, por exigencias de carácter académico, foron escolarizados en centros privados concertados.

O convenio enmárcanse no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require una atención específica e preferente.

A XUNTA DESTINA PRETO DE 2,5 MILLÓNS DE EUROS PARA A PRÓRROGA DE CONVENIOS CON ENTIDADES QUE TRABALLAN NA INTERVENCIÓN EDUCATIVA DE MENORES QUE TEÑEN QUE CUMPRIR MEDIDAS XUDICIAIS

- ***A Asociación Dignidad-Lugo, a Asociación Centro Trama, a Asociación Arela e a Fundación Diagrama Intervención Psicosocial serán as beneficiarias desta prórroga***
- ***Máis de 400 menores poderán beneficiarse deste convenio a través doutras tantas prazas diúrnas e asistenciais***

A Xunta de Galicia investirá un total de 2.497.311,39 euros na prórroga para o ano 2017 de catro convenios de colaboración asinados entre a Consellería de Política Social, a Asociación Dignidad Lugo, a Asociación Centro Trama, a Asociación Arela e a Fundación Diagrama Intervención–Psicosocial. Mediante os tres primeiros levarase a cabo unha intervención educativa integral con persoas menores que teñan que cumprir medidas xudiciais e outras actuacións en medio aberto. A cuarta das prórrogas deses convenios subscribírase coa Fundación Diagrama Intervención Psicosocial para levar a cabo a atención residencial, a intervención educativa integral e terapéutica de aqueles menores que teñan que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade no centro de atención específica Montefiz. Así se acordou no Consello da Xunta celebrado hoxe.

A través destes convenios, Dignidad-Lugo, Centro Trama e Arela, levarase a cabo a execución das medidas de tratamento ambulatorio, asistencia a centro de día, permanencia fin de semana, liberdade vixiada, convivencia con persoa familia ou grupo educativo, prestacións en beneficio da comunidade e tarefas socioeducativas. Así mesmo, correspóndelles garantir a realización de tarefas e actividades de reparación previstas no artigo 19 da LORPM para o que contan cos centros de intervención educativa en medio aberto (CIEMA) de cada provincia.

En virtude deste convenio, a Asociación Dignidad Lugo contará cun investimento de 263.921,04 euros e levará a cabo no CIEMA de Lugo as funcións recollidas no convenio. O dito CIEMA conta con 17 prazas de centro de día. Pola súa banda, a Asociación Centro Trama contará con 255.714,28 euros e desenvolverá o obxecto do convenio no CIEMA Ourense, con capacidade para executar simultaneamente 10 prazas de centro de día.

A Consellería de Política Social investirá 331.166,07 euros para a prórroga do convenio coa Asociación Arela, que contará co CIEMA de Vigo, con 12 prazas de centro de día e con outro centro de día na cidade de Pontevedra con capacidade para 8 prazas.

A prórroga do convenio subscrito coa Fundación Diagrama Intervención Psicosocial inclúe a execución das medidas de internamento terapéutico en réxime pechado,

semiaberto e aberto e, de ser o caso, a atención dos fillos e fillas menores de tres anos que convivan coas súas nais internadas, de acordo co artigo 56 da LORPM. Para levar a cabo a dita colaboración, a Consellería de Política Social cédelle en uso á fundación o Centro de Atención Específica de Montefiz. Este centro, que conta con 23 prazas, cumpre os principios e requisitos establecidos na normativa vixente pola que se regulan os centros de menores. A fundación percibirá do departamento autonómico, con cargo aos orzamentos aprobados para estes fins, unha compensación polos gastos en que incorra no desenvolvemento deste acordo de prórroga do convenio de 1.641.510,00 euros para o ano 2017.

A colaboración mantida con estas catro entidades enmárcase no programa de execución de medidas xudiciais, en cuxo desenvolvemento participan outras entidades de iniciativa social. O acordo de prórroga destes catro convenios terá vixencia desde o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro do mesmo ano.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA CON MOTIVO DO 25 DE NOVEMBRO: DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER.

O 25 de novembro foi declarado pola [Asemblea Xeral das Nacións Unidas](#) como o Día Internacional para a eliminación da violencia de Xénero.

Transcorreron xa dezasete anos desde aquela declaración pero desde as instancias públicas cada 25 de novembro seguimos a amosar un compromiso firme coa erradicación de calquera tipo de discriminación que permita que esta violencia persista na nosa sociedade.

A violencia de xénero é un asunto de Estado, polo que previr e poñer fin á violencia exercida contra as mulleres é un obxectivo prioritario e irrenunciabile para a Xunta de Galicia.

Desde a Administración galega queremos facer especial fincapé neste ano 2016 na mocidade, que constitúe un grupo especialmente vulnerable á violencia de xénero, e co que precisamos seguir a traballar para que os mozos e mozas identifiquen e rexeiten condutas sexistas que ás veces se toleran ou xustifican, e que a longo, ou incluso a medio prazo, poden desembocar en relacións violentas. Todas as formas de violencia de xénero se alimentan dos mesmos problemas de valores, dos mesmos estereotipos caducos e dos mesmos mitos enganosos que desgraciadamente a poboación máis nova parece estar reproducindo de maneira preocupante.

Se queremos previr a violencia de xénero debemos evitar os pasos que se inician baixo as referencias dunha cultura machista e, polo tanto, para erradicar calquera forma de violencia, a solución reside na educación.

O respecto, a liberdade e a igualdade son tres dos piares básicos en que centrar esa educación.

Resulta imprescindible que a mocidade de hoxe, protagonista da sociedade do mañá, comprenda, coñeza e identifique a violencia de xénero, recoñeza os primeiros sinais dos malos tratos e, a continuación, se converta en protagonista do logro dunha sociedade libre de violencia contra as mulleres: apoiando a quen a sofre e rexeitando actitudes e estereotipos que a promoven ou a xustifican, desde o convencemento de que a igualdade entre mulleres e homes e o respecto pola dignidade do outro son imprescindibles e útiles para a súa convivencia pacífica na sociedade.

É necesario seguir traballando na prevención, na detección e na sensibilización, e visibilizar un problema de profundo calado social.

Traballemos todos e todas xuntos e avancemos unidos para conseguir unha sociedade
0 % machista.

Un ano máis,

Todos contra a violencia de xénero

Todas contra a violencia de xénero

Galicia contra a violencia de xénero

A XUNTA IMPULSA CON 4 MILLÓNS DE EUROS 21 PROGRAMAS INTEGRADOS EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A INSERCIÓN DE 1.725 DESEMPREGADOS

- *A Xunta resolveu estas axudas que aumentan un 40% con respecto a 2015*
- *Esta iniciativa céntrase en mellorar as oportunidades laborais dos participantes a través da formación e o emprego coa posta en marcha de accións que combinan a orientación e asesoramento coa formación e as prácticas laborais*
- *Estes programas contan cunha inserción laboral mínima do 30% dos alumnos*
- *Esta actuación enmárcase na Axenda 20 para o Emprego coa que o Goberno galego está a impulsar o emprego estable e de calidade e coa que se pretende en 2020 reducir a taxa de paro ata o 10% coa creación de 100.000 novos empregos*

A Xunta resolveu un novo paquete de axudas destinadas a ampliar as oportunidades laborais das persoas sen emprego de Galicia dotado con 4 millóns de euros para a posta en marcha de 21 programas integrados de emprego en entidades sen ánimo de lucro.

Esta iniciativa, da que se informou hoxe no Consello da Xunta, permitirá mellorar a inserción de 1.725 desempregados que recibirán durante 12 meses orientación e asesoramento laboral, ademais de formación e a oportunidade de realizar prácticas en empresas. Estes programas contan cunha inserción mínima do 30 % dos seus participantes.

Esta actuación forma parte da Axenda 20 para o Emprego, a planificación do Goberno galego en materia laboral para impulsar o emprego estable e de calidade e coa que se pretende en 2020 reducir a taxa de paro ata o 10 % coa creación de entre 80.000 e 100.000 novos empregos e a creación ou conversión de 50.000 contratos en indefinidos.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria a través deste programa inviste preto dun 40 % máis que en 2015. Estes 21 programas integrados súmanse aos 28 xa postos en marcha nos concellos. Tanto os dirixidos a concellos como a entidades sen ánimo de lucro, que agora se resolven, están enfocados a mellorar a ocupabilidade e a inserción laboral dos desempregados e en ambos os casos se establecen uns obxectivos de inserción laboral dos traballadores que participan nel, tendo que acadar un emprego, como mínimo, o 25 % dos participantes.

O Goberno galego, a través da Axenda 20 para o Emprego, vén activando ao longo deste ano diversos programas e axudas enfocados a ampliar as oportunidades laborais dos galegos e galegas a través de 3 retos: fomentar o emprego de calidade, estimulando o emprego indefinido a tempo completo; reforzar a formación e

especialización ao longo da vida laboral e mellorar e orientar os servizos públicos na atención ás persoas demandantes e empresas.

A XUNTA APROBA AS ESTRATEXIAS DOS 24 GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL (GDR) QUE RECIBIRÁN ENTRE 3 E 5 MILLÓNS DE EUROS PARA INVESTIMENTOS NO RURAL

- *O obxectivo é que entre xaneiro e marzo os grupos poidan presentar os seus primeiros proxectos para pórse en marcha en xullo*
- *O orzamento total do Plan Leader 2014-2020 chega aos 84 millóns de euros*

A Consellería do Medio Rural informou hoxe ao Consello da Xunta da conformación definitiva dos novos grupos de desenvolvemento rural (GDR) como as entidades executoras do Plan Leader 2014-2020, así como da aprobación das súas estratexias e o orzamento que lle corresponde para desenvolvelas. A cada un dos 24 GDR definidos neste período en Galicia correspóndelle unha achega mínima de 3 millóns de euros e dun máximo de 5.

Tras o informe desta resolución presentado ao Consello, poderá iniciarse a sinatura de convenios de colaboración cos GDR co obxectivo de que a recepción de proxectos comece a principios de xaneiro. Estes serán valorados en bloques, dado que o procedemento de xestión das axudas previsto é por concorrencia competitiva. A primeira proposta de selección de proxectos realizarase arredor do 30 de xuño de cada ano sobre as solicitudes presentadas ata o 31 de marzo. Unha vez realizada esta primeira proposta de resolución, Agader resolverá as concesións e denegacións das axudas, previsiblemente, en xullo.

A achega que recibirá cada GDR vén definida pola valoración obtida nas súas estratexias. Esta repartición inicial de fondos é unha asignación provisional que será revisable en xaneiro de 2019 cando se valorará a execución dos proxectos ata ese momento para modificar os orzamentos de cara ao final do programa. O orzamento total que recolle o Plan Leader é de 84 millóns de euros.


Estes grupos son o elemento básico da metodoloxía do Plan Leader, xa que permiten deseñar de abaixo cara arriba as liñas concretas de aplicación das axudas e as actuacións que se van financiar, que poden ser de natureza produtiva, aqueles orientados a xeración de emprego e riqueza, ou os que perseguen a dotación de servizos e equipamentos.

Unha vez que a comisión de selección dos GDR e das súas estratexias emitiu a súa proposta de resolución, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) acordou a súa conformidade coa valoración das estratexias, a concesión da axuda preparatoria e a asignación inicial económica a cada un dos GDR.

Balance

A través do anterior Plan Leader 2007-2013, 31 grupos de desenvolvemento rural resolveron 2.183 proxectos cunhas axudas de 91,7 millóns de euros que, pola súa vez, supuxeron un investimento no rural superior aos 226 millóns euros. Estas iniciativas supuxeron unha fonte de consolidación e creación de emprego no rural. Así, nos expedientes finalizados consolidáronse arredor de 4.000 postos de traballo e créanse arredor de 1.000 novos empregos.

Entre os atractivos do Plan Leader está o feito de que o 25 % da axuda recibida polos distintos grupos pode destinarse a proxectos de carácter non produtivo que redunden na mellora das condicións de vida da poboación rural. Neste tipo de actuacións inclúense desde infraestruturas de carácter social como locais veciñais ou centros de día, ata equipamentos informáticos ou renovacións do patrimonio histórico, artístico e ambiental.



PRETO DE 26.000 AGRICULTORES E GANDEIROS GALEGOS RECIBIRÁN DESDE MAÑÁ O ANTICIPO DA PAC POR IMPORTE DE 102,7 MILLÓNS DE EUROS

- *Esta achega supón un incremento do 57 % respecto do pagamento anticipado do pasado ano*
- *Os fondos corresponden ao pagamento básico, ao pagamento para os agricultores que apliquen prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o medio ambiente (chamado “pagamento verde”), á axuda adicional de mozos e ás axudas ligadas*
- *Por provincias, Lugo ocupa o primeiro lugar tanto no importe aboado como no número de beneficiarios*



Un total de 25.905 agricultores e gandeiros galegos recibirán desde mañá o anticipo da Política Agrícola Común (PAC) por un importe total de 102.784.491,38 euros. Estes fondos corresponden ao pagamento básico, ao pago para os agricultores que apliquen prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o medio ambiente (o chamado "pagamento verde"), á axuda adicional de mozos e ás axudas ligadas (vinculadas a determinados sectores, coma o vacún de leite). Este anticipo representa un incremento do 57% respecto ao realizado o pasado ano.

Por provincias, a de Lugo ocupa o primeiro lugar tanto no importe aboado como no número de beneficiarios. Así, os 11.037 agricultores e gandeiros lucenses recibirán un total de 50 millóns de euros, mentres que en segundo lugar quedarían os 9.194 beneficiarios da provincia da Coruña, cunha achega de 35,4 millóns de euros. En terceiro lugar –por importe recibido– estaría Pontevedra, con preto de 10 millóns de euros e 2.856 beneficiarios. Por último, en Ourense serán 2.818 os perceptores da PAC, cun montante total de 7,3 millóns de euros.

Con este anticipo, os beneficiarios galegos recibirán nun único pagamento a contribución financeira do anticipo da PAC en Galicia para axudar a paliar na medida do posible as dificultades financeiras e os problemas de tesouraría que viñan arrastrando, mentres non se alcance a estabilización dos mercados. Desta forma dásele tamén seguridade ao sector.

Galicia conseguiu neste exercicio continuar coa mellora do cociente de pagamentos. Así, malia ter unha xestión máis complexa do anticipo pola cifra de beneficiarios que o perciben e o número de parcelas declaradas (1,3 millóns), a diferenza doutras comunidades en que as axudas están máis concentradas, acadouse unha porcentaxe de pagamento anticipado do 81,7% das solicitudes. É dicir, antes do inicio do período de pagamento ordinario, en Galicia xa estarán percibindo as axudas case o 82 % dos beneficiarios.

En total, a previsión de axudas da PAC para 2016-2017 sitúase nos 170 millóns de euros para uns 30.000 beneficiarios. Son datos aínda provisionais a falta de que se peche a campaña.

A CONSELLERÍA DO MAR INVESTIU MÁIS DE 140 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DOS PORTOS AUTONÓMICOS ENTRE 2009 E 2016

- *O Consello da Xunta analizou un informe sobre os investimentos portuarios realizados neste período*
- *Destacan as inversións en planificacións e investimentos estratéxicos e a mellora de servizos para os profesionais e a náutica recreativa, con obras de atraques e pantaláns por valor de 52 millóns de euros e de abrigos e ampliacións por valor de 25 millóns de euros*
- *Dentro delas sobresaen as obras vinculadas cunha actividade clave e realizadas nos peiraos de Brens (Cee) e de Ribadeo por valor de 18,1 e 5,6 millóns de euros, respectivamente e a da nova lonxa de Ribeira, cun investimento de 14,6 millóns de euros*

- *A Xunta logrou sacar adiante estas actuacións malia ter que facer fronte a obras de emerxencia sobrevidas con motivo dos fortes temporais que afectaron o litoral galego neste período e que supuxeron un 17% do total de obras de abrigo no período 2009-2016*
- *Estas accións favoreceron a recuperación e estabilidade dos tráxicos dos portos autonómicos, os tráxicos no eido da náutica deportiva e a facturación das vendas da pesca e do marisqueo*

A Consellería do Mar, a través do ente público Portos de Galicia, realizou actuacións por valor de máis de 140 millóns de euros no período 2009-2016 orientadas á mellora das condicións de traballo e operatividade dos usuarios dos portos de titularidade autonómica. Este dato despréndese dun informe analizado hoxe no Consello da Xunta sobre os investimentos portuarios realizados neste período.

Estas actuacións foron realizadas atendendo ás liñas estratéxicas de crecemento, sustentabilidade, eficiencia e das tecnoloxías da información e da comunicación e a pesar das condicións orzamentarias que exixía o contexto económico do momento e de atender as obras que xurdiron con motivo dos temporais. Desenvolvéronse cunha planificación coa vista posta, entre outros aspectos, en acadar novos tráxicos e reforzar os existentes no eido das mercadorías. Tamén en conseguir novos tráxicos e atraques para a náutica deportiva e a captación de máis descargas doutras comunidades autónomas e países no eido da pesca e do marisqueo.

Dentro delas, destacan inversións en planificacións e investimentos estratéxicos e a mellora de servizos para os profesionais e a náutica recreativa. Así, aos abrigos e ampliacións a Consellería do Mar destinou no período 25 millóns de euros; ás obras de atraques e pantaláns, 52 millóns de euros; aos servizos e edificacións, 35 millóns de euros e nas actuacións da contorna vila - porto a Consellería do Mar investiu 20 millóns de euros. Tamén realizou instalacións xerais de redes e acometidas eléctricas, de saneamento, de iluminación das instalacións portuarias e o subministro de sinais marítimas, balizamentos e equipamento.

Obras clave na actividade

Dentro das actuacións desenvolvidas, o informe destaca as que están vinculadas a unha actividade clave como as realizadas nos peiraos de Brens (Cee) e de Ribadeo e a obra da nova lonxa de Ribeira. En Brens executáronse as obras correspondentes á ampliación do peirao por valor de 18,1 millóns de euros. Prolongouse o peirao 310 metros permitindo a atracada de barcos de ata 11 metros de calado, de xeito que se conseguiu aumentar o tráfico medio anual nun 100% dende 2012.

En Ribadeo realizáronse obras cunha inversión de 5,6 millóns de euros. Consistiron no alargamento do extremo norte do peirao en 64 m, no recrecemento da liña de atraque,

na dragaxe de 100.000 m³ de área na canle de entrada e na disposición de dúas naves de almacenaxe. Unhas actuacións que facilitaron o aumento do tráfico medio anual nun 60% dende o ano 2010 permitindo afianzar os tráxicos de pasta de papel.

Por outra banda, as obras da nova lonxa de Ribeira (primeiro porto de descarga de peixe dos portos autonómicos no 2015) supuxeron un investimento de 14,6 millóns de euros e incluíron a construción dun edificio de soto, planta baixa e planta primeira. A superficie construída é de 20.000 m² con ocupación en planta de 9.000 m² e foi dotada de sistema de climatización e rastrexabilidade do peixe vendido. Trátase dunha das obras máis importantes realizadas por este Goberno e que está a piques de entrar en funcionamento.

Outras obras

A Xunta logrou sacar adiante estas actuacións malia ter que facer fronte a obras de emerxencia sobrevidas con motivo dos fortes temporais que afectaron o litoral galego neste período. Unhas emerxencias que supuxeron un 17% do total de obras de abrigo no período 2009-2016. Destacan no ano 2010 investimentos por valor de máis de 276.000 euros nos portos de Cariño, Corme e Bares; no 2011 máis de 471.000 euros nos portos de Foz, Corme e Bares e no 2014 destináronse máis de 2,4 millóns de euros aos portos de de Cariño, Malpica, Camelle, Santa Mariña, A Guarda e Celeiro. Ademais no 2015 destináronse máis de 80.000 euros a obras no porto de Camelle e este ano máis de 246.000 euros aos portos de Caión e Cariño.

Máis tráxicos, tránsitos e valor

Estas accións favoreceron a recuperación e estabilidade dos tráxicos dos portos autonómicos, os tránsitos no eido da náutica deportiva e a facturación das vendas da pesca e do marisqueo. De feito, nos 9 primeiros meses de 2016 o tráfico portuario de mercadorías nos peiraos de titularidade autonómica rexistrou un incremento interanual de máis dun 7% e no no eido da náutica deportiva rexistrouse un incremento interanual das embarcacións en tránsito de máis dun 9% durante o primeiro semestre de 2016, en relación ao mesmo período do ano anterior. En canto á pesca e ao marisqueo, a mellora nas instalacións de atraque e nas lonxas favoreceu un incremento de facturación no 2016, o mellor ano dos últimos 20.